

*MEMORIA DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO
EXERCICIO DE 2005*

1. INTRODUCCIÓN

O orzamento do Concello de Santiago de Compostela do exercicio de 2005 importa 90.146.226 euros en ingresos e 85.646.226 en gastos, cun superávit inicial de 4,5 millóns de euros.

Nos últimos anos o orzamento de Santiago de Compostela, en valores por habitante, supera con certa claridade aos das restantes cidades galegas. No exercicio 2005 tamén sucede esta circunstancia, a pesar do esforzo dalgunhas das cidades próximas por reducir diferencias. Tendo en conta aos organismos autónomos municipais para facilitar as comparacións, Santiago sitúase en cabeza con 984 euros por habitante, e as restantes urbes da nosa Comunidade Autónoma varían entre un mínimo de 581 e un máximo de 926 euros por habitante.

Certo é que, en comparación interanual o orzamento municipal redúcese en algo máis de 8 millóns de euros, debido ao menor porte das transferencias procedentes do Consorcio da Cidade, unha vez realizado o Xacobeo 2004, e, sobre todo, o cambio na modalidade preferente de actuación de EMUVISSA, que financiará a maior parte das súas actuacións por medio da venda de terreos, sen que estes ingresos circulen a través do orzamento municipal. Sen estas partidas, o orzamento municipal aumentaría en algo máis de 2 millóns de euros.

Unha visión máis precisa obtense

1. Se efectuamos a comparación co exercicio 2003, aumentando os ingresos máis dun 15% e os gastos en case o 10%.

2. Se utilizamos o orzamento consolidado, incluíndo tanto organismos autónomos como empresas municipais. As cifras de 2005 superan en 5 millóns de euros as do ano precedente, gracias ao mellor comportamento de INCOLSA, TUSSA e, sobre todo, EMUVISSA. As empresas municipais gañan progresivamente espazos de actuación, sobre todo no ámbito urbanístico.

2. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO ORZAMENTO MUNICIPAL

As principais características do mesmo son:

- Continúa a estratexia de saneamento financeiro que deseñou o Plan de Saneamento Financeiro 2004-2007.

No exercicio 2004 reducimos significativamente o Remanente Negativo de Tesourería, na liña das previsións do PSF, gracias a unha positiva liquidación dos ingresos correntes e ao sometimento dos gastos á disciplina orzamentaria. Produciuse unha recadación notable dos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados, ao tempo que se depuraban os mesmos. O superávit orzamentario superou os 4,5 millóns de euros, de acordo coas previsións iniciais.

Como no ano anterior, para cumprir o PSF precisamos obter un aforro corrente (diferencia entre ingresos e gastos correntes) que, sen ter en conta os ingresos correntes que financian gastos de investimento (cotas de urbanización e aproveitamento urbanístico) se sitúe no entorno dos 9 millóns de euros. Con ese aforro aténdense as amortizacións dos créditos xa subscritos e xerase un superávit orzamental de 4,5 millóns de euros. A capacidade de endébedamento destínase a financiar parte do programa de investimentos. Dado que non se eleva a presión fiscal sobre os cidadáns (hai un axuste á baixa do tipo do IBI, en parte compensado por un ascenso moderado da taxa do lixo e do coeficiente do IAE), as previsións de ingresos evolúen á alza de xeito suave nos principais ítems. A redución das transferencias correntes ligadas ao Xacobeo 2004 obriga a axustar o gasto corrente, sobre todo nas actividades de carácter discrecional, para producir os resultados previstos no PSF en termos de aforro corrente, bruto ou neto.

- Faise unha aposta pola mellora dos servizos públicos e de atención aos cidadáns, procurando o equilibrio social e territorial.

A distribución dos gastos por funcións indica o peso da Producción de bens públicos de carácter social (un 38,14%) e da Protección e Promoción social (un 9,25%).

Neste ámbito, e entre os gastos de carácter obrigatorio que o concello presta presenta unha mellora moi notable neste exercicio o servizo de limpeza viaria e recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, ao que van destinados máis de 9,2 millóns de euros. Ao longo do ano despediremos ao vertedoiro de Piñor, que vai ser substituído polo tratamento de residuos que practica en Cerceda a empresa Sogama; ao tempo, un novo contrato de limpeza e recollida de lixo domiciliario permitirá nos próximos meses modernizar os servizos e intensificar o tratamento en boa parte do territorio municipal. Tamén en Parques e Xardíns terá lugar un novo concurso nos vindeiros meses.

Pero tamén faremos un esforzo nos gastos improprios: comezarán a funcionar con normalidade algunhas das oficinas creadas ao longo do anos 2004 (Inmigración/Emigración, Reabilitación,...) ou algún servizo que experimentou relevantes transformacións (Canceira Municipal); porase en marcha, con financiación da Comunidade Autónoma, o Centro de Información á Muller, así como unha Rede de Cooperación Local no ámbito das relacións entre o coñecemento e a empresa, con apoio da Deputación Provincial. Daraselle un pulo notable á política de atención ás familias, completando os investimentos na Gardería e Ludoteca de Fontiñas e na Gardería de San Roque, e ponendo as bases para dispor no vindeiro exercicio dunha Gardería en TrasParlamento que cubra as necesidades do conxunto do Ensanche.

- A modernización dos servizos aos cidadáns e a mellora da calidade

Incorporados xa, co resto das cidades galegas, ao ámbito de aplicación do Título X da Lei de Medidas para a modernización do Goberno Local, debemos de xeito inminente aprobar os diferentes Regulamentos (Órgánico, de Participación, do Tribunal Económico Administrativo, de Distritos) que concreten o novo modelo de organización municipal (estrutura por áreas, xestión financeira, incremento da participación, etc.), para comezar a plasmalo ao longo do ano 2005, nomeadamente nas áreas de administración e urbanismo. As funcións de Servizos de carácter xeral e de Regulamentación Económica absorben un 17% do gasto total.

As previsións do exercicio 2004 no ámbito administrativo foron cumpridas na súa totalidade. Para cerrar esas accións, completárase o traslado da Oficina de promoción Económica, que será reforzada con novo persoal, e ocuparanse efectivamente a totalidade dos remozados baixos do Pazo de Raxoi, elevando a calidade das condicións de traballo dos funcionarios municipais e o nivel da atención aos cidadáns. Nas previsións para o ano 2005 inclúese un novo edificio para albergar as oficinas dos servizos sociais municipais, o traslado de Protección Civil a un espazo ben acondicionado e o deseño dun arquivo municipal moderno.

Para a mellora da calidade administrativa dúas serán as accións prioritarias no exercicio 2005:

- A política de atención e información aos cidadáns, levando a cabo as accións prioritarias establecidas no documento de análise da mesma.
- As accións transversais, que interconecten, homologuen as prácticas e institúan activos comúns para as áreas de maior relevancia administrativa (extenderase o programa de seguimento de expedientes, camiñárase cara a bases de datos comúns, etc.)

- As políticas de calidade urbana

Tres son as referencias temporais que se solapan na política de construción da cidade:

- Un horizonte de proxecto, configurado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal, que será obxecto de aprobación inicial nos vindeiros meses. Prevemos no orzamento 2005 tanto a preceptiva información pública como os créditos precisos para o tratamento e contestación das alegacións que presenten os cidadáns.
- Un horizonte de expansión urbana, convertindo terreo informe nunha retícula de rúas, dotacións e polígonos, que albergue a continuación os edificios que habitamos. Ademais do labor regulador que efectúan os servizos municipais, EMUVISSA intervirá neste exercicio nos seguintes polígonos: SUNP 37, SUP 2 de Cornes, SUP 5 de A Choupana, SUNP 1 de Meixonfrío, SUNP 22 de Castro de Abaixo, Polígonos 6-7 de Fontiñas, Peri 7 de Pontepedriña, SUP 6 de Santa Marta, SUNP 11 de O Castiñeiriño, SUNP 14 de Tras Paxonal e SUNP 12 de Lamas de Abade.
- Un horizonte de intervención directa no espazo urbano existente. A existencia de remanentes de crédito de importante volume condiciona

o perfil dos investimentos aprobados para este exercicio, efectuando unha pausa nos esforzos efectuados no Ensanche para dirixir a atención cara outros barrios máis periféricos e o medio rural. Con todo, a función de produción de Infraestructuras (bens públicos de carácter económico) absorbe máis de 10 millóns de euros.

3. OS INGRESOS

A comparación interanual do volume total de ingresos indica unha caída nas previsións iniciais, do orde de 8,66 millóns de euros. Dous elementos explican este singular fenómeno:

- O decremento nas previsións das cotas de urbanización que pasan de 10,36 a 3,5 millóns de euros. EMUVISSA desenvolverá neste ano sobre todo polígonos polo procedemento de expropiación, de xeito que as súas accións non pasan polo orzamento municipal, aínda que si polo consolidado.
- A desaparición do financiamento extraordinario procedente do Consorcio da Cidade para o Xacobeo 2004, por valor de 3,1 millóns de euros.

De non termos en conta ambas partidas o crecemento do resto dos ingresos sitúase no entorno do 3%.

O Capítulo I, Impostos directos, aumenta nun 7,5%. Todos os impostos ven aumentar as súas previsións. No Imposto sobre Bens Inmóveis ascenden un 7,6%, reflectindo o impacto á baixa da redución de tipos fronte ao deslizamento alcista dos valores catastrais e á ampliación da base física da cidade. En IVTM e IAE as previsións son tamén optimistas, á vista da evolución das vendas de vehículos, das cifras da liquidación do exercicio 2003 e da posta en marcha de actuacións inspectoras.

O Capítulo II, Impostos indirectos, aumenta un 12,2%, debido á continuidade do boom inmobiliario e ao impacto das grandes obras públicas que están sendo desenvolvidas na cidade.

O Capítulo III, Taxas e outros ingresos, cae un 17,1%. Ao igual que o ano previo, pero con signo diferente, ese fenómeno deriva das previsións de cotas de urbanización (antes citadas). Se eliminamos tanto as cotas de urbanización como os ingresos por aproveitamento urbanístico e nos centramos nos ingresos correntes que financian gastos correntes, as previsións son tamén alcistas (un 6,3%). As partidas

cunha variación máis significativa son as de Recollida e Tratamento de RSU, procurando o axuste dos ingresos coa previsión dos gastos derivados tanto da entrada en SOGAMA como da ampliación do servizo; así como a de Licencias Urbanísticas, que reflicte a boa saúde da promoción inmobiliaria, obra pública e construción industrial na nosa cidade.

O Capítulo IV elévase moi lixeiramente, debido á desaparición das transferencias extraordinarias do Consorcio ligadas ao ano Xacobeo. Sen ese factor os ingresos aumentarían en máis de 2 millóns de euros, debido a

- Unha previsión de Participación en Ingresos do Estado que supera a do exercicio precedente nun 10%.
- Unha compensación pola perda de ingresos do IAE en forte aumento: o recente acordo entre a FEMP e o Ministerio de Facenda, que ten en conta os perxuízos ocasionados ás facenda locais pola reforma do modelo de financiamento municipal, permite prever un ascenso de 0,3 millóns de euros por este concepto.
- Un incremento das previsións derivadas do Estatuto da Capitalidade de 0,5 millóns de euros, até os 2 millóns.

Este capítulo incorpora tamén outras transferencias relevantes: do Consorcio da Cidade para Cine Europa, de proxectos europeos e do Ministerio de Obras Públicas para o transporte urbano.

O capítulo V, Ingresos Patrimoniais, ascende a 0,45 millóns de euros.

O capítulo VII, Transferencias de capital, as previsións iniciais suliñan un descenso moi marcado sobre as cifras do 2004, debido á desaparición das aportacións extraordinarias do Consorcio, da Comunidade Autónoma para o PET, dos programas de rehabilitación (Ministerio de Fomento e IGVS) e das partidas FEDER para abastecemento de agua e saneamento. Mantéñense as restantes transferencias do ano anterior: Plans Provinciais da Deputación e Programa Operativo Local (FEDER), por un monto global de 0,95 millóns de euros. Inclúese unha partida, como crédito ampliable, para facer fronte ao pagamento das expropiacións do Monte do Gozo, coa súa correlativa plasmación en gastos.

Por último, no capítulo IX, Variación de pasivos financeiros, inclúese a previsión dun crédito de 8 millóns de euros para acometer novos investimentos, no marco do Plan de Saneamento Financeiro.

4. OS GASTOS

No capítulo I, Gastos de Persoal, a previsión de incremento é o 2,94%, acadando os 25,56 millóns de euros. Inclúe o conxunto das retribucións do Persoal Funcionario e Laboral e dos membros da Corporación, así como os gastos de Seguridade Social e asistencia médico-farmacéutica dos funcionarios non integrados na Seguridade Social, así como os fondos de acción social e formación. O aumento presupostado é o previsto na lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2004 (2% máis un fondo adicional dun 0,74%).

Os cambios máis destacados son os seguintes:

1. No Cadro de Persoal: A Lei de Orzamentos mantén a obriga de limitarse á plena reposición de efectivos. No noso Concello supón catro prazas, que se utilizan para
 - Reforzar cunha praza de arquitecto a oficina de licencias urbanísticas
 - Cubrir unha vacante na Banda de Música (grupo C)
 - Reforzar o servizo de atención ao cidadán, con novas responsabilidades derivadas da posta en marcha da nova páxina Web municipal, cunha praza do grupo B.
 - Reforzar a Oficina de Promoción Económica cunha praza grupo A de administración xeral.
2. Destínanse ao redor de 30.000 euros a facer posible a promoción interna ou o aumento de nivel de diversas prazas, que viñan sendo obxecto de demanda sindical desde facía anos: brigada de parques e xardíns, educadores-monitores, axentes de desenvolvemento local, cambio de auxiliares a administrativos (persoal laboral).
3. Redúcense as previsións para horas extraordinarias, unha vez rematado o Xacobeo.
4. Refórzanse en cambio as partidas de formación, fondo de acción social así como o as cantidades destinadas ao complemento de produtividade, para facer efectivos os acordos adoptados coa Xunta de Persoal e o Comité de Empresa.

O Capítulo II, Gastos en bens correntes e servizos, experimenta un incremento considerable, dun 11,66%, que sería maior aínda de descontar o efecto Xacobeo 2004. Hai evolucións diverxentes que convén destacar:

1. Aplícanse 2,2 millóns de euros adicionais ao contrato de limpeza viaria e recollida e tratamento de RSU, para atender, como xa foi indicado, tanto a mellora do servizo como, sobre todo, o contrato con SOGAMA. O incremento finánciase cos maiores ingresos obtidos da taxa correspondente (con excepción da limpeza viaria). Aínda que de menor impacto cuantitativo, tamén se incrementan os créditos destinados a parques e xardíns ou á limpeza das dependencias municipais. Os contratos para o mantemento das instalacións de tráfico, rede semaforica e pintado e sinalización de vías públicas chega por vez primeira ao millón de euros.
2. Aténdense os contratos vixentes, procurando reflectir no orzamento as melloras de xestión que teñan lugar (por exemplo, na compra de material de oficina ou de consumibles de informática) así como a evolución dos gastos en exercicios precedentes.
3. Os gastos en actividades redúcense, ao eliminar a excepcionalidade do Xacobeo 2004. Con todo, de adoptar como referencia o ano 2003 aumenta a capacidade de gasto nas áreas, por máis que algunhas de entre elas modifiquen a estrutura do gasto. Así, en Centros Socio-Culturais trasládase crédito desde a partida de Actividades á de Traballos realizados por empresas, para facilitar a regularización da contratación de monitores; auméntase a dotación para a Canceira, para atender este servizo renovado durante todo o exercicio; e desenvólvese a área de promoción económica, distinguindo entre actividades para o fomento do emprego, comercio e mercados e promoción económica.

O Capítulo III, Xuros, redúcese de novo significativamente, até os 2,985 millóns de euros, gracias ao mantemento en niveis próximos á taxa de inflación dos tipos de interés nominais e á redución das cantidades previstas para pagamento de intereses a particulares, unha vez afrontados os principais compromisos.

O Capítulo IV, Transferencias Correntes, experimenta un suave descenso, até os 6,32 millóns de euros (un -3% en termos relativos), debido á eliminación das transferencias a organismos autónomos municipais ou empresas dos fondos extraordinarios do Xacobeo procedentes do Consorcio (0,84 millóns de euros). En parte, esta caída dos recursos a disposición do Auditorio de Galicia ou INCOLSA compénsase con maiores aportacións municipais. Redúcense tamén as aportacións para o subsidio aos clubs deportivos profesionais.

Recóllense de xeito nominativo no orzamento aquelas subvencións que responden a compromisos xá adquiridos, nas áreas social, cultural ou educativa. As partidas máis relevantes son:

- Ao Auditorio de Galicia, por importe de 1,64 millóns de euros. Tamén recibirá unha transferencia de orixe no Consorcio por importe de 0,1 millóns de euros, para Cine Europa. As outras transferencias

nominativas da área de Cultura ascenden a 0,42 millóns de euros (F. Granell e F. Torrente-Ballester, entre outras).

- Ao transporte urbano, por importe de 1,73 millóns de euros.
- A INCOLSA, por importe de 0,409 millóns de euros, un 10% por riba dos valores de 2003.
- A entidades deportivas, por un importe global de 0,729 millóns de euros. De esta cantidade 0,35 millóns destínanse directamente ao deporte de base, máis que duplicando as cantidades comprometidas no ano 2003; e 0,029 millóns destínanse á Fundación Compostela Deporte, que tamén apoiará coas súas actividades ao deporte de base.

O Capítulo VI, Investimentos Reais, sitúase en 16,5 millóns de euros. A caída no volume de investimentos en relación co ano precedente débese á redución dos gastos de EMUVISSA en proxectos de urbanización financiados con cotas, así como á menor aportación das transferencias de capital doutras administracións. O detalle do Capítulo está recollido no Plan de Investimentos adxunto, no que se detalla tamén o financiamento de cada un dos proxectos.

Os programas de dotación de novas infraestruturas urbanas superan os 10 millóns de euros. Destacan

- A urbanización dos polígonos de vivenda que xestionará EMUVISSA (3,5 millóns de euros)
- A contribución municipal para os programas de dotación de saneamento, abastecemento e distribución de agua (1,25 millóns de euros), complementados cos recursos aínda pendentes de executar de exercicios precedentes, na conca do río Aríns.
- O Plan de Acción Municipal en barrios e rural (3,5 millóns de euros, incluíndo os Plans Provincias, adicados íntegramente á zona rural). Neste exercicio os investimentos priorízanse xustamente nestas áreas. Así, aínda que continuará o programa de reurbanización do Ensanche (0,4 millón de euros), tan só servirá para complementar proxectos de renovación xa iniciados e para deseñar novas intervencións a realizar no exercicio 2006. As intervencións no entorno da Praza Roxa están aínda pendentes de execución, imposibilitando este ano acometer realmente novos esforzos. A renovación urbana no Casco Histórico verá destinados só 0,42 millóns de euros, pero serán executadas accións financiadas en períodos previos e que non era conveniente acometer en pleno Xacobeo 2004.
- Contémplanse 0,2 millóns de euros para por en marcha accións de rehabilitación fóra do ámbito tradicional.

O programa de Edificios de uso público supera os 2,5 millóns de euros, debendo destacarse

- A construción dun novo edificio para Servizos sociais, que permita liberar a actual ubicación para o seu destino orixinal, o de Gardería.
- O Centro de Interpretación Ambiental, rehabilitando a curtidoría existente no extremo do Parque de Belvís.
- O encargo do proxecto e inicio da construción da Casa do Asociacionismo, en Cornes.
- Unha nova aportación municipal para a construción dun supermercado na Praza de Abastos, en colaboración con outras administracións.
- O encargo dos proxectos destinados a novo cuartel da policía municipal, arquivo municipal ou centro de atención socio-sanitaria.
- As actuacións en materia de centros educativos e deportivos. Así como outras actuacións en materia de xogos infantís.
- A habilitación da última planta do Centro Socio-Cultural de Fontiñas.

Por último, o programa de investimentos en modernización municipal inclúe a dotación de mobiliario para novas oficinas, de sinalización horizontal e vertical e da súa de pantallas, de renovación cartográfica das zonas de borde do ámbito urbano, de equipamento informático e actuacións de renovación de programas.

O Capítulo VII, Transferencias de Capital, redúcese tamén, situándose en 3,5 millóns de euros, unha vez que a aportación ao Consorcio da Cidade de Santiago, con 1,65 millóns de euros, recupera a normalidade. Inclúense partidas específicas para o Convenio coa COTOP para o túnel de Mestre Mateo así como para a colaboración coa Consellería de Medio Ambiente para a impulsión á ETAP.

O Capítulo VIII, Variación de Activos financeiros, importa 0,13 millóns de euros, incluíndo a dotación para a Fundación Compostela Deporte e para a Fundación Vía Galego.

Por fin, o capítulo IX, Variación de Pasivos financeiros, importa 4,27 millóns de euros para a amortización das operacións de endébedamento a longo prazo existentes.

ANEXOS:

1. Gastos e ingresos 2005 por capítulo
2. Gastos e ingresos por capítulo.Comparación 2005-2004-2003
3. Gastos. Grupo de Función
4. Anexo de investimentos
5. Orzamento consolidado

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2005

O CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA

Asdo.: Xaquín Fernández Leiceaga

AYUNTAMIENTO DE SANTIAGO

EJERCICIO ECONOMICO DE 2005

RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE GASTOS

| CAPÍTULOS | DENOMINACIÓN | Importe |
|-----------|--------------------------------------|----------------------|
| | A) OPERACIONES CORRIENTES | |
| 1 | GASTOS DE PERSOAL | 25.567.678,51 |
| 2 | GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS | 26.375.203,81 |
| 3 | GASTOS FINANCEIROS | 2.985.000,00 |
| 4 | TRANSFERENCIAS CORRENTES | 6.325.761,55 |
| | B) OPERACIONES DE CAPITAL | |
| 6 | INVERSIONS REAIS | 16.461.273,46 |
| 7 | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 3.531.309,11 |
| 8 | ACTIVOS FINANCEIROS | 130.000,00 |
| 9 | PASIVOS FINANCEIROS | 4.270.000,00 |
| | TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS ... | 85.646.226,44 |

RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE INGRESOS

| CAPÍTULOS | DENOMINACIÓN | Importe |
|-----------|----------------------------------|----------------------|
| | A) OPERACIONES CORRIENTES | |
| 1 | IMPOSTOS DIRECTOS | 27.165.000,00 |
| 2 | IMPOSTOS INDIRECTOS | 3.535.000,00 |
| 3 | TAXAS E OUTROS INGRESOS | 25.501.002,10 |
| 4 | TRANSFERENCIAS CORRENTES | 24.442.796,78 |
| 5 | INGRESOS PATRIMONIAIS | 454.000,00 |
| | B) OPERACIONES DE CAPITAL | |
| 7 | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 948.427,56 |
| 8 | ACTIVOS FINANCEIROS | 100.000,00 |
| 9 | PASIVOS FINANCEIROS | 8.000.000,00 |
| | TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS... | 90.146.226,44 |

ORZAMENTO 2005

GASTOS E INGRESOS POR CAPITULO. COMPARACION 2005-2004-2003

GASTOS


| | CREDITOS INICIAIS | | | CAMBIOS | | ESTRUCTURA | | |
|------------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|-------------|-------------|---------------|---------------|---------------|
| | 2003 | 2004 | 2005 | 2004 A 2005 | 2003 A 2005 | 2003 | 2004 | 2005 |
| CAPITULO I | 22.848.860,22 | 24.838.317,86 | 25.567.679 | 2,94 | 11,90 | 29,22 | 26,34 | 29,85 |
| CAPITULO II | 20.527.361,23 | 23.620.241,13 | 26.375.204 | 11,66 | 28,49 | 26,26 | 25,04 | 30,80 |
| CAPITULO III | 4.200.000,00 | 3.200.000,00 | 2.985.000 | -6,72 | -28,93 | 5,37 | 3,39 | 3,49 |
| CAPITULO IV | 4.021.272,83 | 6.521.512,55 | 6.325.762 | -3,00 | 57,31 | 5,14 | 6,91 | 7,39 |
| OPERACIONES CORRENTES | 51.597.494,28 | 58.180.071,54 | 61.253.643,87 | 5,28 | 18,71 | 65,99 | 61,69 | 71,52 |
| CAPITULO VI | 18.394.353,93 | 27.861.339,03 | 16.461.273,46 | -40,92 | -10,51 | 23,53 | 29,54 | 19,22 |
| CAPITULO VII | 3.203.284,99 | 4.020.209,00 | 3.531.309,11 | -12,16 | 10,24 | 4,10 | 4,26 | 4,12 |
| CAPITULO VIII | 96.162,00 | 100.000,00 | 130.000,00 | 30,00 | | 0,12 | 0,11 | 0,15 |
| CAPITULO IX | 4.893.212,40 | 4.150.000,00 | 4.270.000,00 | 2,89 | | 6,26 | 4,40 | 4,99 |
| OPERACIONES CAPITAL | 26.587.013,32 | 36.131.548,03 | 24.392.582,57 | -32,49 | -8,25 | 34,01 | 38,31 | 28,48 |
| | | | | | | | | |
| TOTAL | 78.184.507,60 | 94.311.619,57 | 85.646.226,44 | -9,19 | 9,54 | 100,00 | 100,00 | 100,00 |

INGRESOS

| | PREVISIONS INICIAIS | | | CAMBIOS | | ESTRUCTURA | | |
|------------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|-------------|-------------|---------------|---------------|---------------|
| | 2003 | 2004 | 2005 | 2004 A 2005 | 2003 A 2005 | 2003 | 2004 | 2005 |
| CAPITULO I | 26.763.272,56 | 25.254.000,00 | 27.165.000 | 7,57 | 1,50 | 34,23 | 26,78 | 31,72 |
| CAPITULO II | 3.005.000,00 | 3.150.000,00 | 3.535.000 | 12,22 | 17,64 | 3,84 | 3,34 | 4,13 |
| CAPITULO III | 25.822.093,41 | 30.774.251,44 | 25.501.002 | -17,14 | -1,24 | 33,03 | 32,63 | 29,77 |
| CAPITULO IV | 16.513.066,40 | 24.259.284,51 | 24.442.797 | 0,76 | 48,02 | 21,12 | 25,72 | 28,54 |
| CAPITULO V | 325.000,00 | 830.000,00 | 454.000 | | | 0,42 | 0,88 | 0,53 |
| OPERACIONES CORRENTES | 72.428.432,37 | 84.267.535,95 | 81.097.798,88 | -3,76 | 11,97 | 92,64 | 89,35 | 94,69 |
| CAPITULO VI | | | | | | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| CAPITULO VII | 5.659.913,23 | 6.444.083,62 | 948.427,56 | -85,28 | | 7,24 | 6,83 | 1,11 |
| CAPITULO VIII | 96.162,00 | 100.000,00 | 100.000,00 | 0,00 | | 0,12 | 0,11 | 0,12 |
| CAPITULO IX | | 8.000.000,00 | 8.000.000,00 | 0,00 | | 0,00 | 8,48 | 9,34 |
| OPERACIONES CAPITAL | 5.756.075,23 | 14.544.083,62 | 9.048.427,56 | -37,79 | 57,20 | 7,36 | 15,42 | 10,56 |
| | | | | | | | | |
| TOTAL | 78.184.507,60 | 98.811.619,57 | 90.146.226,44 | -8,77 | 15,30 | 100,00 | 104,77 | 105,25 |

ORZAMENTO 2005

GASTOS GRUPO DE FUNCION



ORZAMENTO 2005

ANEXO DE INVESTIMENTOS E TRANSFERENCIAS DE CAPITAL E CADRO DE FINANCIACION

| PARTIDA | PLAN DE INVESTIMENTOS | DESCRIPCION PROXECTO | IMPORTE | IMPORTE PARCIAL |
|-----------------------|---|--|----------------------|----------------------|
| 12100,62200 | ADMINISTRACION XERAL. EDIFICIOS | | 1.000.000,00 | |
| 12100,62300 | ADMINISTRACION XERAL.MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILLAXE | XOGOS INFANTIS | 270.000,00 | 62.500,00 |
| | | OUTROS INVESTIMENTOS. MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILLAXE | | 207.500,00 |
| 12100,62400 | ADMINISTRACION XERAL. VEHICULOS | | 240.000,00 | |
| 12100,62500 | ADMINISTRACION XERAL. MOBILIARIO | | 100.000,00 | |
| 12101,62600 | INFORMATICA. INVESTIMENTOS | | 670.000,00 | |
| 22201,62300 | TRAFICO E SINALIZACION. INVESTIMENTOS | | 350.000,00 | |
| 42200,62200 | EDUCACION. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIONS | CASA DO ASOCIACIONISMO | 50.000,00 | |
| 42200,63200 | EDUCACION. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIONS | OUTROS INVESTIMENTOS EDIFICIOS EDUCACION | 380.000,00 | |
| 43200,60000 | EXPROPIACION TERREOS | EXPROPIACION MONTE DO GOZO | 951.000,00 | 1.000,00 |
| | | EXPROPIACION TERREOS | | 950.000,00 |
| 43200,64001 | HONORARIOS PROXECTOS | PROXECTOS EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS | 466.500,00 | 116.500,00 |
| | | PXOU- INFORMACION PUBLICA | | 100.000,00 |
| | | CARTOGRAFIA | | 100.000,00 |
| | | OUTROS INVESTIMENTOS PROXECTOS URBANISMO | | 150.000,00 |
| 43201,60100 | PARQUES E XARDINS. INVESTIMENTOS | | 450.000,00 | |
| 43400,60100 | ALUMEADO. INVESTIMENTOS | | 250.000,00 | |
| 44100,62700 | SANEAMENTO,ABASTECIMIENTO E DISTRIBUCION AUGA | | 1.250.000,00 | |
| 44200,62300 | LIMPEZA VIARIA. INVESTIMENTOS | | 40.000,00 | |
| 45103,62200 | CENTROS SOCIO-CULTURAIS. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIONS | | 250.000,00 | |
| 45200,62200 | INSTALACIONES DEPORTIVAS | | 680.000,00 | |
| 45300,60100 | CASCO HISTORICO. INVESTIMENTOS | REURBANIZACION ZONA MONUMENTAL | 520.700,00 | 420.700,00 |
| | | OBRAS ACONDICIONAMENTO ESPACIOS PUBLICOS | | 100.000,00 |
| 45300,64000 | INTERVENCIONS EN CASTELO DA ROCHA | | 150.000,00 | |
| 45300,64001 | CASCO HISTORICO.PROXECTOS REHABILITACION | | 100.000,00 | |
| 46302,62300 | RELACIONES VECIÑAIS. MAQUINARIA, INSTALACIONES E UTILLAXE | | 20.000,00 | |
| 51100,60100 | INFRAESTRUCTURAS. OBRAS DE INVERSION | | 8.023.073,46 | |
| | OBRAS INEM | | | 150.000,00 |
| | URBANIZACION BARRIOS E RURAL | | | 2.850.000,00 |
| | PROGRAMA OPERATIVO LOCAL | FONTE DOURO E ASEN | | 252.425,00 |
| | | CENTRO DE INTERPRETACION URBANA | | 122.062,50 |
| | URBANIZACION ENSANCHE | | | 400.000,00 |
| | PLANS PROVINCIAIS DEPUTACION | | | 627.124,99 |
| | ACONDICIONAMENTO ZONA XOGOS INFANTIS | | | 100.000,00 |
| | INVERSIONS POLIGONOS EMUVISSA | | | 3.521.460,97 |
| 62200,62200 | MERCADOS. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIONS | MERCADO DE ABASTOS | 250.000,00 | |
| TOTAL CAP. VI | | | 16.461.273,46 | 10.231.273,46 |
| 44100,75000 | APORTACION CONVENIO OBRAS HIDRAULICAS | CONVENIO ABASTECIMIENTO AUGA | 269.515,50 | |
| 51100,75000 | APORTACION CONVENIO INFRAESTRUCTURAS | CONVENIO MESTRE MATEO | 1.200.000,00 | |
| 51100,75300 | TRANSFERENCIAS POLIGONO DO TAMBRE | | 63.469,31 | |
| 75100,74000 | APORTACION A INCOLSA | PLAN COMPETIVIDADE TURISTICA | 345.541,00 | |
| 91100,76701 | APORTACION AO CONSORCIO | | 1.652.783,30 | |
| TOTAL CAP. VII | | | 3.531.309,11 | 0 |
| TOTAL | | | 19.992.582,57 | 10.231.273,46 |

ORZAMENTO CONSOLIDADO 2005

| CAPITULO | INGRESOS | | | | | | GASTOS | | | | | |
|-----------------------------|----------------------|-------------------|-------------------|---------------------|----------------------|-----------------------|----------------------|---------------------|---------------------|---------------------|----------------------|-----------------------|
| | CONCELLO | AUDITORIO | INCOLSA | TUSSA | EMUVISSA | TOTAL INGRESOS | CONCELLO | AUDITORIO | INCOLSA | TUSSA | EMUVISSA | TOTAL GASTOS |
| 1 | 27.165.000,00 | | | | | 27.165.000,00 | 25.567.678,51 | 809.815,90 | 337.244,70 | 764.463,34 | 462.838,00 | 27.942.040,45 |
| 2 | 3.535.000,00 | | | | | 3.535.000,00 | 26.375.203,81 | 1.723.869,00 | 307.053,06 | 448.836,78 | 8.700.845,68 | 37.555.808,33 |
| 3 | 25.501.002,10 | 123.489,51 | 190.530,87 | 1.130.732,23 | 3.381.310,56 | 30.327.065,27 | 2.985.000,00 | 10.000,00 | | | | 2.995.000,00 |
| 4 | 24.442.796,78 | 447.399,67 | 0 | 115.384,86 | | 25.005.581,31 | 4.098.500,70 | | | | | 4.098.500,70 |
| 5 | 454.000,00 | 317.926,72 | | 101.683,03 | | 873.609,75 | | | | | | 0 |
| TOTAL OPER.CORRENTES | 81.097.798,88 | 888.815,90 | 190.530,87 | 1.347.800,12 | 3.381.310,56 | 86.906.256,33 | 59.026.383,02 | 2.543.684,90 | 644.297,76 | 1.213.300,12 | 9.163.683,68 | 72.591.349,48 |
| 6 | | | | | 19.399.017,40 | 19.399.017,40 | 12.939.812,49 | 15.000,00 | 704.334,76 | 234.500,00 | 17.138.105,25 | 31.031.752,50 |
| 7 | 948.427,56 | | 355.168,80 | | | 1.303.596,36 | 3.185.768,11 | | | | | 3.185.768,11 |
| 8 | 100.000,00 | 10.000,00 | | | | 110.000,00 | 130.000,00 | 10.000,00 | | | | 140.000,00 |
| 9 | 8.000.000,00 | | | | | 8.000.000,00 | 4.270.000,00 | | | | | 4.270.000,00 |
| TOTAL OPER. CAPITAL | 9.048.427,56 | 10.000,00 | 355.168,80 | 0 | 19.399.017,40 | 28.812.613,76 | 20.525.580,60 | 25.000,00 | 704.334,76 | 234.500,00 | 17.138.105,25 | 38.627.520,61 |
| TOTAL ORZAMENTO | 90.146.226,44 | 898.815,90 | 545.699,67 | 1.347.800,12 | 22.780.327,96 | 115.718.870,09 | 79.551.963,62 | 2.568.684,90 | 1.348.632,52 | 1.447.800,12 | 26.301.788,93 | 111.218.870,09 |